

Data: 02-10-2008 Hora inicio: 17:00 Hora fin: 19:30	XORNADA EMPREGO DAS TIC'S NO ENSINO		
Organización da Xornada			
	Tema	Responsable	Tempo
1	<i>Exposición dos obxectivos da xornada de traballo</i>	Álvaro Gómez	10 minutos
2	<i>Posibilidades das TIC's no ensino</i>	Manuel Veloso	30 minutos
3	<i>Exposición do caso práctico do Colexio Guillelme Brown</i>	Montserrat Couñago	20 minutos
4	<i>Exposición de dúbidas e debate de ideas e proposicións</i>	Asistentes	90 minutos
Observacións:			
<ol style="list-style-type: none"> 1. Diversas cooperativas non puideron asistir, pero amosan o seu interese en seguir participando neste grupo de traballo nun futuro. 2. Exposición das posibilidades do e-learning no ensino e medios técnicos 3. Exposición por parte do colexio Guillelme Brown da súa experiencia no emprego das TIC's no centro escolar, así como diversos resultados alcanzados. 4. No debate saíron os seguintes temas: <ol style="list-style-type: none"> a. A primeira proposta por parte dos asistentes radica na necesidade de celebrar máis encontros conxuntos para compartir experiencias. <ol style="list-style-type: none"> i. Fálase da posibilidade de que tamén sexan encontros virtuais, a través dunha plataforma de traballo na rede. b. Tamén se propón a necesidade de poder crear unha secretaria virtual conxunta para varias cooperativas, para que os trámites burocráticos (matriculas de alumnos, relación cos pais, etc.) se reduzan e se poida facilitar aos pais unha mellor xestión das altas, plans de estudos, etc. c. Así mesmo, considérase interesante poder desenvolver un campus virtual en conxunto, nun proxecto que permita compartir custos e explotar sinerxias entre os centros, facilitando ademais a compartición de experiencias entre centros. d. Ante estas ideas, xorde a necesidade de encontrar financiamento para levar a cabo as mesmas, e a actualización dos equipos necesarios, e unha optimización dos mesmos. Coméntanse as seguintes posibilidades: <ol style="list-style-type: none"> i. Financiamento do soporte virtual: pódese "vestir" como un proxecto innovador entre varias cooperativas, que queiran compartir unha parte do gasto, e presentalo ante as liñas de axuda á I+D+I actualmente dispoñibles (Fondo Tecnolóxico). ii. Financiamento conxunto: establecer unha central de compra conxunta para os equipos, para así conseguir un maior poder de negociación ante os provedores. iii. Plantexar unha liña de axuda da AAPP para que os colexios opten aos equipos. e. Coméntase a dificultade de acceso a algúns recursos tecnolóxicos, como os teclados e ratos adaptados para nenos. Os que hai son difíciles de conseguir e triplican o prezo dos normais (cando noutros países, como EEUU, non hai estes problemas) f. Algúns colexios comentan que hai algunhas liñas da Consellería de Educación, na que se poden acceder a renovación de equipos. Porén, teñen 			

unha serie de limitacións.

- g. Xorde unha idea de grupo: elaborar unha plataforma virtual para compartir ideas e potenciar a forma clásica de impartir o ensino, empregando diversos medios para subir contidos, vídeos, prácticas, exemplos, para que os alumnos e profesores dos colexios que colaboran se poidan enriquecer das experiencias e aportacións dos demais. Ademais, serviría para poder aclarar dúbidas en datas previas a exames, e en horarios non lectivos, que é cando os alumnos lle xorden as dúbidas.
- h. Formación: ante todas estas novas tecnoloxías, como por exemplo as plataformas virtuais e os tableiros electrónicos, considérase que é necesario formar aos profesores no seu uso. Do caso contrario, estanse a realizar inversións importantes en balde.
- i. Existe unha grande dificultade para atopar formación especializada nestas necesidades. É necesario buscar formación para todas as cooperativas.
- i. Información: existe unha falta de información para as cooperativas de que vantaxes e inconvenientes teñen as distintas opcións no mercado sobre ditas tecnoloxías.
- i. Sería necesario realizar un estudo de benchmarking sobre esta temática, para que unha cooperativa que queira adquirir certos equipos teña información sobre as distintas opcións.
- ii. Coméntase que sería importante realizar un catálogo de provedores homologados por parte da AAPP.
- j. Mensaxe que tamén se quere trasladar as Administracións Públicas en xeral: amósase unha certa inquiredanza por parte dos asistentes, xa que consideran que desde as Administracións Públicas estase axudando a realizar proxectos de I+D+I en sectores industriais, mentres que o financiamento destinado as a aplicación das novas tecnoloxías no ensino neste campo é infimo. Sería importante que todas as Administracións Públicas implicadas puideran ofrecer liñas de axuda específicas, facilitar o acceso as ligazóns de banda larga (ADSL ou cabo de fibra óptica), formación e xornadas para compartir experiencias.
- k. Considérase fundamental dar continuidade a estas mesas de traballo

Conclusiones:

As principais conclusións extraídas da xornada son as seguintes:

- o Dar continuidade ás reunións entorno as TIC's no ensino, para compartir experiencias entre as cooperativas.
- o Posibilidade de avanzar nun campus virtual conxunto que aglutine diversos servizos que poidan empregar as cooperativas implicadas:
 - o Secretaría virtual para facilitar a xestión administrativa e académica dos centros.
 - o Compartición de experiencias.
 - o Elaboración e acceso a contidos sobre diversas materias que se imparten.
 - o Canles de comunicación cos alumnos e os pais, para que estean máis implicados no traballo dos fillos nos colexios.
 - o Resolución de dúbidas, encontros virtuais, e outros medios baseados nas TIC's que permitan enriquecer o ensino e a docencia clásica.
- o Necesidade de dar formación aos profesores sobre o emprego das TIC's no ensino
- o Realizar un catálogo de provedores tecnolóxicos
- o Necesidade de que as Administracións Públicas aposten con liñas de axuda e accións de

formación pola implantación das TICs no ensino.

Dossier fotográfico:

